

Un paseo

Roteiros
Sábados
de xullo



**Ferrol coas
Irmandades
da Fala**

á cultura galega.

para descubrir

a nosa grande achega

Ferrol coas Irmandades da Fala



Sábados de xullo

Saídas

11.30h

Punto de encontro

Praza de Amboaxe

Duración

90 min.

Inscripcións

698 157 414

gnl@ferrol.es

Actividade gratuíta

2018

Ribalta tivo un soño

Foi un ferrolán indignado pola marxinación do noso idioma quen impulsou un gran paso adiante na conciencia de Galiza. Aquel intelectual chamábase Aurelio Ribalta e dirixía *Estudios Gallegos*. Nesta revista anticipou o ideario modernizador promovido polas Irmandades da Fala. Ademais, defendeu a igualdade e dignidade da lingua galega perante o Ministerio de Instrución Pública.

Antón Vilar Ponte divulgou este soño nunha obra fundamental *El nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. Nel encoraxaba á unión de todas aquelas persoas dispostas a estender o uso do galego: na escrita e na fala, en público e en privado, en actos formais e informais.

Ao chamamento de Vilar Ponte acudiron trinta e dous homes e unha muller. Este grupo fundou na Coruña a primeira Irmandade da Fala o 18 de maio de 1916 na rúa Rego de Auga 36. En poucos anos teceron unha rede de vinte e sete Irmandades por todo o país. Cun único compromiso: Todo por Galiza e para Galiza.

1. «No uso do galego latexa a nosa liberdade»

O 11 de febreiro de 1917 Antón Vilar Ponte pronunciou estas palabras no Salón Amboaxe, un antigo cinema situado no colexio dos Mercedarios. *A Nosa Terra* considerou esta data como a primeira vez que se empregou o noso idioma de maneira íntegra nun acto público en Ferrol, rachando así as pautas diglósicas.

Unha delegación da Irmandade da Fala da Coruña chegara en tren á nosa cidade. Foron recibidos polos ferroláns máis ilustres. Euxenio Charlón presentou este mitin. Faláron Ricardo Carballal, Antón Vilar Ponte e Lugrís Freire. O entusiasmo inundou o auditorio. Cos himnos de Pondal e Brañas, «Toxos e froles» clausurou aquela xornada memorable.

O 15 de abril de 1917 vai ser fundada a Irmandade da Fala de Ferrol no local da rolda «Airiños da miña terra». Xaime Quintanilla será o conselleiro primeiro; García Niebla, o conselleiro segundo; Euxenio Charlón, o secretario; e Cabo Pastor, o tesoureiro.

2. Xaime Quintanilla, irmán da fala

«Traballar, traballar, traballar». Ese era o lema de Xaime Quintanilla. El foi o principal dinamizador da Irmandade da Fala de Ferrol, vai presidir o coro «Toxos e froles», fundar a editora Céltiga, montar as súas propias obras de teatro e escribir ducias de artigos. Vivía e tiña a súa consulta na rúa Dolores 64, 1º. Nesta casa, a intelectualidade ferrolá mantiña un animado faladoiro que o propio Carvalho Calero chegou a coñecer.

Como representante da Irmandade de Ferrol, Xaime Quintanilla asistiu en 1918 ao primeiro congreso de todas as Irmandades da Fala de Galiza. Alí aproban un programa de claro carácter progresista, o Manifesto Nacionalista de Lugo: «Tendo a Galiza todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba 'rexionalismo' non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas».

En 1923 Quintanilla propuxo a creación dun sindicato nacionalista: a Confederación do Traballo Galego.

3. «Toxos e froles», fachenda das nosas raíces

No primeiro terzo do século XX, os coros realizaron un inmenso traballo de dignificación da cultura galega: recuperaron a música e o traxe tradicionais, montaron obras de teatro e popularizaron os nosos símbolos nacionais (bandeira, himno, efemérides...).

Tomando como modelo o pioneiro coro de Perfecto Feixoo, o proletariado ferrolán fundou en 1915 «Toxos e froles». Moitos dos seus membros tamén participaron na Irmandade.

De 1920 a 1923, Quintanilla colaborou intensamente con este coro. O seu local estaba na rúa Dolores 62. Durante este período, incorporáronse cinco mulleres. A actriz Pilar Suárez adquiriu un gran protagonismo. Comezaron a redactar no noso idioma o libro de actas e os comunicados oficiais. A Compañía do Gramófono de Barcelona veu a Ferrol e gravou vinte cancións de «Toxos e froles», entre elas, o Himno Galego. En 1922 sumáronse á celebración do 25 de xullo como Día de Galiza.

4. *El Correo Gallego* contra o galego

Non todo o mundo simpatizaba cos irmáns da fala. Desde a rúa Real 181, o director de *El Correo Gallego* bufou contra eles. Na prensa local chegaron a afirmar que falar galego era «sentar praza de imbécil e ignorante», «signo inequívoco de incultura y decadencia». Incluso que defender os intereses galegos era «un crimen de lesa patria». Con vinte e seis anos, Xaime Quintanilla vailles retrucar: «Separatistas? Boeno, temos un ideal que xa é ter algo nesta terra de vergoñenta esterilidade espiritual».

Coa lingua por bandeira, inauguraron o 13 decembro de 1917 o local da Irmandade na rúa Real. Convidaron a Lois Peña Novo para explicar que a loita pola liberdade de Galiza era imprescindible para mellorar o benestar colectivo. Nesa mesma data iniciaron a publicación de *Galicia. Boletín Rexionalista*, que axiña chamaron *Galicia. Orgo da Irmandade da Fala*.

En 1921 Ramón Vilar Ponte foi designado director de *El Correo Gallego* e Quintanilla accedeu ao posto de redactor xefe. A nova orientación galeguista non era do agrado dos propietarios e en seis meses foron cesados.

5. En Ferrol naceu a primeira editora en galego

A imprenta de *El Correo Gallego* estaba situada na rúa Magdalena 186. De aquí saíron publicados o 70% dos títulos en galego de 1922. A Irmandade da Fala fundou Céltiga, o primeiro proxecto editorial no noso idioma. Querían potenciar o cultivo da prosa e procurar novos públicos. Os libros eran de extensión curta, económicos e moi atractivos.

Nesta colección editaron trece títulos onde combinaron autores ferroláns (García Pereira ou Cabo Pastor) e de relevancia no ámbito galego (Castelao ou Francisca Herrera). Aliás, contaron coa colaboración de recoñecidos pintores: Imeldo Corral, Díaz Baliño ou Bello Piñeiro.

Céltiga foi inaugurada con *Saudade*, unha obra de narrativa experimental de Xaime Quintanilla que ao mesmo tempo era o director da editora. O seu xerente, Ramón Vilar Ponte, escribiu *Doutrina nacionalista*. Neste ensaio sintetiza o ideario irmandiño máis avanzado. Cualifica o galego como «elemento esencial nacionalizador». O presidente da Mancomunitat catalá, Puig i Cadafalch, redactou o prólogo.

6. A Capela Sistina Galega

En 1925 Rodolfo Ucha concluíu o monumental edificio do Casino Ferrolán e Bello Piñeiro comezou a decorar a súa Sala de Conversas. En tres etapas, ao longo de máis dunha década, vai completar un conxunto mural considerado a Capela Sistina Galega. Unha creación de cento cinco metros cadrados onde exalta a paisaxe autóctona como un dos trazos do ser auténtico e diferente de Galiza.

O pintor do Seixo inundou os casetóns do teito e as paredes da flora galega emblemática (castiñeiro, carballo, piñeiro, toxo e xesta), un tesouro estético case intacto até daquela. Engadiu a esta harmoniosa ornamentación: o escudo do Casino, dúas representacións de Santo André, unha réplica do lenzo Beiramar, un Nocturno e outro de Doroña. A Sala de Conversas convértese nun canto de amor á Nai Terra Galega. Consegue, como anhelaba Castelao, «pintar en galego».

Bello Piñeiro continuou co seu compromiso irmandiño durante a Segunda República, cando as Irmandades se transformaron no Partido Galeguista.

7. Un teatro para facer país

No Jofre estreáronse as obras máis importantes das Irmandades da Fala. Este edificio converteuse no epicentro do teatro galego.

Euxenio Charlón e Sánchez Hermida empregaron a comedia con carácter reivindicativo para denunciar o abandono da lingua e os abusos contra a xente labrega. *Mal de moitos* é a peza máis emblemática destes dous traballadores dos estaleiros. De feito, tornouse na obra galega máis popular deste período. Acostumaban realizala no medio do espectáculo de «Toxos e froles».

Quintanilla é o autor máis orixinal polo fondo e pola forma do teatro irmandiño. A estrea en 1920 de *Donosiña* produciu un grande escándalo ao tratar o tema do adulterio feminino. A máxima expresión da renovación dramática foi *Alén*. Desenvólvese en Nova York e dramatiza o sentimento de saudade. Estas dúas obras respondían ás directrices do Conservatorio Nacional de Arte Galega que procuraba obras modernas e dirixidas a un público urbano.




Carné das Irmandades da Fala asinado por Antón Vilar Ponte / 1




Cartaz deseñado por Castelao / 5

Almas mortas
de Antón Vilar Ponte.
Capa de Camilo Díaz
Baliño / 5




Xaime Quintanilla,
1926 / 2

Flor do castiñeiro
da Capela Sistina
Galega / 6



Os obreiros
ferroláns Charlón
e Hermida na
primeira edición
de *Mal de moitos*
/ 7



Formación mixta de «Toxos e froles» de 1930 ante o seu local da rúa Dolores 62. / 3

GALICIA

BOLETIN REXIONALISTA

Ano I

==== FERROL, 13 de Nadal do 1917 =====

Núm. 1

O noso programa

A redención de Galicia. Galicia pra os galegos. Velahí, en síntesis, o noso programa. A labore d'isto boletín terá de s'inspirare a cotío na felicidade dos fillos da terra: de todo-l-os fillos, sin diferencias de partidos nin crases. Porqu' a resolución dos nosos problemas económicos e políticos, ó final, traerá como consecuencia o mais amplo desenvolvemento da liberdade colectiva.

Ollade, un niseo, pra historia. Houbo escravos, houbo servos, e houbo vilanos. E, contra de toda-l-as tiranías, abolíronse a escravitude e a servidume. Despareceu o poderío dos señores feudales. A Revolución francesa fixou os dereitos do home e o seu lema de Liberdade, Igualdade e Fraternidade é o lema de todos e cada un dos Estados civilizados do mundo.

Dendesé! aquela atopáronse fixados e conquistados os dereitos individuais.

Creóuse a conciencia de qu' a muller ten de posecre os mesmos dereitos do home —xa nixo Kant que somentes xuntos home e muller forman o ser humano completo— e surtiu, contra de todas-as tiranías, o problema feminista.

Dendesé! entonces atopáronse pranteados o feminismo e resolto aos n'algúns pobos.

Agora, por virtú da guerra europea, aparece a conciencia da liberdade colectiva, da liberdade das nacionalidades viventes que s'atopaban asoballadas, e, contra de toda-l-as tiranías, a Revolución rusa pon ante o mundo iste novo problema libertadore. Siberia, Finlandia, Lituania, Polonia, Curlandia, Ucrania, Besarabia, nacións esquecidas no vivire do zarismo, surxen ó presente ó novo día d' unha nova liberdade. E os maximalistas poñen, como condición de paz, a independencia d'Armenia na Turquía. E Irlanda sigue loitando. E o Goberno inglés, sin que llo

pidan, fala de concedere a autonomía a Galles y a Escocia.

Dendesé! isto día atopáronse pranteados o problema da liberdade das nacións naturais.

E ise é o noso problema: un problema de liberdade colectiva, o problema do goberno propio. Non fagnemos outra cousa que pofirmos d'acordó co resto do mundo. E non queremos outra cousa qu' amostrare a plenitude das nosas características, pra que se nos reconozca razón natural e, como tal, con dreito a autonomía. Ehi tedes, en síntesis, o noso programa.

Fagnemos nosas as conclusións económicas e políticas das Asambleas agrarias de Munforte e Ribadavia; noso o programa do directorio antiforal de Teis; nosas as arelas d' a antiga Solidaridade e tamén nosas as conclusións d' Asamblea de palramentarios. Ehi tedes, xa mais concreto, o ideal que nos moverá.

Non queremos rifar con ninguén. Endexamáis sairá un insulto dos nosos beizos, pra que nos respeten. Pro falaremos con absoluta eraridade, e si nos insultan, tamén amostraremos qu' o sabemos fagnere.

Pra obra de concordia qu' imos a comenzare, chamamos a todos, que todos poden atopare un posto d'honore nas nosas filas. O que traiga algún egoismo personal, que se quede na sua casa, qu'entre nosco non atopará motivos de satisfacao.

E... nada mais. Iste boletín será bilingüe. Eisi amostraremos que non despreciamos o castelán, pro qu' a seu nivel poñemos o noso idioma. Que sería cousa de se rir, e saltare unha personalidade muda, falando unha lingua estrana, com' os loros ou os gramiófonos. E gracias a Deus temos unha lingua nosa e con ela, xunta d' a castelana, a nosa cultura pode sere bilateral: qu' hai trinta millóns d' homes no mundo que falan o galego e sua ánima pode consubstanciarse coa nosa, donándonos unha riqueza espiritual como a de ningún pobo da terra.



FERROL

RÚA IGREXA

RÚA ARCE

RÚA MARÍA

RÚA SOL

1

RÚA DOS IRMANDIÑOS

RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ

2

4

3

RÚA MAGDALENA

5

RÚA S. BARCÁIZTEGUI

RÚA REAL

RÚA DOLORES

RÚA CORUÑA

6

7

RÚA CONCEPCIÓN ARENAL